



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 901/160518
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 Nº CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO Nº 046/GA/SA680A

PRODUTO

SISTEMA POA DE TRATAMENTO DA AUGA

Sistema de **esterilización da auga** que garante a eliminación de parasitos, bacterias, fungos e virus, capaz de procesar **grandes volumes** de auga do mar ou doce a un **custo moderado**.

Con base nas tecnoloxías de procesos oxidativos avanzados (POA), este novo método de tratamento resulta na **eliminación de ata o 99,9%** da carga de norovirus en bivalvos, ademais de coliformes, salmonela, vibrio e outros patóxenos que afectan a peixes, moluscos e crustáceos de importancia comercial. A diferenza doutros métodos, tales como a adición de hipoclorito, a irradiación ultravioleta ou a ozonización, este sistema **non resulta na xeración de substancias tóxicas**, sendo eficaz mesmo baixo condicións de elevada contaminación ou con augas moi turbias.

Equipos automáticos e programables de **baixo consumo**, robustos, compactos, silenciosos, **sen consumibles**, permiten o **seguimento constante** de parámetros críticos de calidade da auga, tales como temperatura, salinidade, pH, potencial redox etc., así como programación de alarmas, avisos a móbil, rexistro de datos, acceso por internet etc.

ALCANCE DE SUMINISTRO:

- Sistema de **filtración**, medios de filtración, unidade de **electrodesinfección** da auga e sistema de **monitorización**. Bombas, panel eléctrico de control e manobra, programador e *display* dixital.


-**Material** de Fontanería e electricidade (tubos, válvulas, conexións, cóbados, cableado, sondas, etc.). **Instalación** autoportante, **transporte** a destino; **montaxe**, instalación e **axuste** final, inclusive adestramento do operador.

-**Análise** pre- e post-instalación por Laboratorio autorizado, incluíndo parámetros físico-químicos e microbiolóxicos de calidade da auga. Seguimento e posvenda personalizado con informes específicos emitidos por técnicos competentes.

OBSERVACIÓNS

Para recibir mais información, concertar unha visita ás súas instalacións ou solicitar un presupuesto específico, consulte coa nosa Oficina Comercial en **ventas@acuinuga.com**.

FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 901/160518
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2015 Nº CA-1.092. LABORATORIO AUTORIZADO Nº 046/GA/SA680A



- ① FILTRO E SISTEMA DE DESINFECCIÓN EN FUNCIONAMIENTO
- ② DETALLE DO CONTROL ELECTRÓNICO DE DESINFECCIÓN
- ③ DISPLAY DIXITAL INDICANDO PARÁMETROS DE CALIDADE DE AUGA EN CONTINUO
- ④ ANÁLISE MICROBIOLÓXICO EN AUGA DE ENTRADA (PUNTO 1), SISTEMA DE DESINFECCIÓN (PUNTOS 2 E 3), LOGO DO PASO POR FILTROS (PUNTO 4) E COMPARATIVA CON AUGA ESTÉRIL (CONTROL).